

Estimadas familias socias:

De acordo cos estatutos da Asociación, o mandato da Xunta Directiva dura dous anos, polo tanto, procedemos a convocar de novo eleccións, que terán lugar na Asemblea Xeral Extraordinaria de fin e curso.

Estas son as datas para o proceso:

- **Presentación de candidaturas: do 03 ao 28 de maio de 2024, ata as 23:59 horas.** As candidaturas enviaranse por e-mail á dirección anpa.stoandredexeve@nontedurmas.org co asunto “*Candidatura Xunta Directiva ANPA*”. Deberán incluír os nomes e apelidos das persoas candidatas e o seu NIF, e o apelido dos seus fillos para que podamos consultar con facilidade na nosa base de datos se esas persoas son socias da ANPA.
- **Publicación das listas de candidatas/os: o 30 de maio de 2024,** na web do CEIP Santo André de Xeve, por ABALAR e por whatsapp a través do canle de comunicación da ANPA.
- **Reclamacións ás listas: do 31 de maio ao 3 de xuño de 2024,** enviando correo electrónico á dirección de e-mail da ANPA, ata as 23:59 horas.
- **Celebración de eleccións e recuento de votos: o 07 de xuño de 2024** na Asemblea Xeral Extraordinaria, cuxa convocatoria se enviará proximamente por ABALAR e por whatsapp a través do canle de comunicación da ANPA.
- **Publicación de resultados: o 10 de xuño de 2024** na web do CEIP Santo André de Xeve, por ABALAR e por whatsapp a través do canle de comunicación da ANPA, .

Se tedes algunha dúbida, estamos a vosa disposición.